

EMPRESARIOS

DE GALICIA

ENRIQUE PEINADOR VELA

1847-1917



A FORTUNA QUE XURDIU DAS AUGAS

Luis Domínguez Castro
Profesor titular da Universidade de Vigo

Xosé Ramón Quintana Garrido
Profesor da Universidade de Vigo



Retrato de Enrique Peinador Vela

Sabino Enrique Peinador Vela naceu na cidade de Pontevedra, o 7 de agosto de 1847, no seo dunha familia medianamente acomodada. Pasou un curto tempo no seminario compostelán e fixo o bacharelato no instituto da súa cidade natal. Na Universidade de Santiago comezou con estudos clásicos e licenciouse en Medicina á altura de 1869. En 1875 casou con Avelina Lines López e tivo tres fillos: Enrique, Ramón e María. Terá a súa residencia en Madrid, na rúa Jovellanos núm. 5, agás na tempada de apertura do balneario de Mondariz, entre o 1 de maio e o 1 de outubro de cada ano. Morreu no balneario de Mondariz o 6 de outubro de 1917.

A súa relación co mundo da crenoterapia e da hidroloxía médica comeza moi pronto. En 1871, logo dun breve período de tempo no que exerceu a medicina en Pontevedra, ocupou o posto de médico director interino do balneario de Caldelas de Tui. Desde a Real orde do 29 de xullo de 1816 que desenvolvía a Lei de augas médico-minerais estableceíase a obriga de que cada establecemento contase cun médico director, corpo facultativo ao que se accedía por oposición anual.¹ Estes galenos eran os únicos habilitados para facer as análises químicas que precisaban as augas

¹ SAN PEDRO MARTÍNEZ (1993), p. 61.

de propiedades curativas e estaban encargados de redactar unha memoria anual sobre o balneario que cada un dirixira. Cando se convocaba o preceptivo concurso, por rigorosa orde de antigüidade, os médicos-directores escollían o destino que máis remuneración lles reportase, especialmente desde que o Regulamento de 1868 eliminou as cantidades fixas e estableceu a súa remuneración en función dunha cantidade por cada bañista que tomara augas. Os frecuentes cambios de réxime na España dos dous primeiros terzos do século XIX impediron que existira unha mínima regularidade neste concurso e provocaron que houbera bastantes balnearios que quedaran sen dirección facultativa e para intentar solucionar este problema naceron as figuras dos médicos directores interinos, os médicos supernumerarios ou os médicos habilitados para que os propietarios puidesen contratalos libremente e abrir as instalacións.² Os propietarios de balnearios van comezar unha dura batalla contra o que eles chamaban «a intrusión gubernativa no dominio privado dos veneiros de saúde» e, por fin, en 1874 logran poder escoller o médico-director do seu gusto, sempre dentro do corpo facultativo referido.³ Enrique Peinador non optará por gañar as oposicións que daban acceso á condición de médico-director e ao pouco tempo comeza a forxar o proxecto da súa vida: converterse en propietario dunha fonte de augas minerais e transformar o lugar nun balneario moderno, homologábel aos mellores de Europa.

Os comezos do complexo termal de Mondariz

Segundo relata o Padre Samuel Eiján, fixo unha primeira tentativa en Prexigueiro, por terras do Ribeiro, pero o carácter colectivo da propiedade das terras afectadas non permitiu que a transacción fose efectiva.⁴ Segundo din algunhas fontes no verán de 1872 Enrique Peinador pasaba uns días como hóspede na casa do propietario da leira da Gándara, en Mondariz, e quere a tradición popular que adquiriu a leira, coa fonte incluída, a cambio de lograr a exclusión do fillo do dono do servizo mili-

² RODRÍGUEZ SÁNCHEZ (1998), pp. 109-110.

³ SAN PEDRO MARTÍNEZ (1993), p. 62.

⁴ EIJÁN (1920), p. 24.

tar.⁵ Eran tempos duros para os militares recrutados, sobre todo un ano despois coa tripla guerra: Cuba, carlista e cantonal. Daquela, Enrique acadara un certo predicamento durante o andazo de variola hemorráxica centrado nas terras do Grove, e foi recoñecido coa concesión pública da Cruz dos Andazos, logo chamada de Beneficencia. Dous anos máis tarde, en 1874, será elixido deputado provincial. Pola súa banda, o seu irmán Gumersindo Ramón, socio na compra e nos futuros negocios, era avogado e funcionario da Deputación Provincial de Pontevedra. Así pois, non resulta difícil pensar na capacidade dos Peinador para lograr un favor tan típico do mundo político clientelar coma o de librar do servizo militar un mozo. Outras fontes, quizais con mellor criterio, falan dunha compra familiar entre a nai viúva e os dous irmáns da leira que pasou a ter no enreixado da súa porta a lenda «Finca de la Sra. Viuda e Hijos de D. Ramón Peinador».⁶

O 16 de xuño de 1873 eran declaradas de utilidade pública as augas minerais da Gándara-Troncoso no concello de Mondariz, requisito imposto pola lei para poder establecer un balneario. Remataba así o expediente comezado por Ramón Peinador diante do goberno da República para denunciar a propiedade do manancial da Gándara e «das filtracións que nacen na beira do río Tea».⁷

As augas de Mondariz, e máis concretamente o manancial de Troncoso, tamén chamado Saidorio, xa eran coñecidas e empregadas polas xentes dos arredores tal e como relata Madoz no seu dicionario e moitos anos antes Pedro Gómez de Bedoya y Paredes na súa *Descripción de 54 fuentes minerales del Reyno de Galicia*, en 1772.⁸ En decembro de 1864 Domingo Blanco Lage, un cura afeccionado á medicina que fabricaba de forma caseira determinados unguentos para oftalmopatías, úlceras varicosas e tónicos para o estómago, escribelle ao alcalde de Mondariz para solicitarlle que o afamado catedrático de química xeral Antonio Casares Rodríguez fixera as análises pertinentes para poder acadar, despois, a con-

⁵ GUIADO (1990), p. 53.

⁶ DEL CASTILLO (1998), p. 37.


⁷ Íbidem p. 38.

⁸ GALDO (1995), p. 235.

dición de augas de utilidade pública, así como o dereito para aproveitar esas augas minero-medicinais. En efecto, Casares coa colaboración do catedrático de anatomía e patoloxía Maximino Teijeiro Fernández, ambos os dous posteriores reitores da universidade santiaguesa, realizou as análises que lles deron o aval científico ás augas de Mondariz. Tratábase de augas bicarbonatadas sódicas e mixtas, frías e gaseadas.

O manancial de Troncoso achábase en terras públicas e o 30 de abril de 1865, Domingo Antonio González, veciño de Pontearreas, solicitalle ao concello a súa explotación argumentando que fora el quen sufragara os 2000 reais que teñen dereito a percibir polos traballos dos dous científicos composteláns que acababan de analizar as augas. Non parece que tiñese moito éxito na súa demanda dado que o 2 de abril de 1870, Domingo Blanco Lage, que se atribúe o descubrimento do manancial, en 1862, e o pago dos gastos por amañar o lugar para a súa explotación comercial, pide do concello autorización para cobrar polas botellas de auga que se subministren a foráneos.⁹ Sobre este manancial, por estas datas, apunta o médico-director de baños Desiderio Varela Puga que había, á altura de 1867, dúas fondas e unha «charca», a fonte posterior sería unha doazón dos enfermos que asistían a tomar esas augas.¹⁰ Finalmente, o 26 de setembro de 1877 o concello véndelle os terreos adxacentes ao manancial a José Paramés.

Motivo publicitario de Aguas de Mondariz aparecido na Revista *Nós*, Alfonso Rodríguez Castelao, 1920



⁹ GUIADO (1990), pp. 58-59.

¹⁰ GALDO (1995), p. 362.

A fonte da Gándara, adquirida polos irmáns Peinador, era, en 1873, moito menos importante cá de Saindoiro-Troncoso. De feito, nesa data só se rexistran 52 enfermos que toman as súas augas na tempada. O grande éxito dos Peinador será lograr que quince anos despois, en 1898, cando se inaugure o Gran Hotel, o número de bañistas estea xa nos 2000 e que ese número acade os 3000 en 1915 pouco antes da morte de Enrique Peinador. Éxito que cómpre aquilatar dentro do contexto social e económico da Galicia de entón. Mondariz non existía para os usuarios dos tratamentos crenoterápicos, non había vila termal nin tan sequera balneario previo e ambas as dúas cousas non foron obra dunha compañía senón dunha familia. Pensemos que contra 1900 un balneario medio francés, como Royat, recibía 9000 bañistas, os grandes como Cauterets, Bagnère-de-Bigorre ou Vichy varias ducias de miles mentres que os pequenos como Plombières, por exemplo, non chegaban aos 5000, non obstante tamén cómpre dicir que cando na Gándara apenas había 52 acuístas, Royat xa era visitada por máis de 2500 bañistas.¹¹ As cidades balneario xermanas estaban moito por riba, en 1910 Wiesbaden acollía a 150.000 hóspedes, Baden-Baden a 75.000. En España, as cifras son moitísimo máis modestas; para todo o ano 1898 rexistráronse 81.532 acuístas e bañistas que baixaron a 69.149 en 1914. Mondariz estaba, a comezos do século XX, entre os tres ou catro máis importantes xunto coas Caldas de Oviedo, o de Archena e o de Montemayor.¹²

A empresa dos Peinador en Mondariz vai ter dúas actividades compeñetradas que van xerar sinerxías nas dúas direccións: o balneario e a venda de auga embotellada.¹³ Vai ser unha empresa familiar. En efecto, desde os comezos Enrique asocia Mondariz ao seu irmán Ramón e reserva para si a condición de xerente do establecemento. En 1906 a xerencia pasará ao seu fillo Enrique Peinador Lines. A morte dos patrucios serán herdeiros os seus fillos que venderán os seus activos na posguerra. Enrique, Ramón e María, casada con Fernando Escardó, van repartirse a dirección dos intereses familiares: Enrique é xerente do bal-

¹¹ SCHALL (1994), p. 167.

¹² MONTSERRAT (1995).

¹³ CHAMBRIAND (1994), pp. 245-246.

neario e Ramón secretario do tranvía de Mondariz a Vigo alén de xestionar, co seu cuñado Fernando Escardó, a Sociedade Peinador y Cía, fundada en Madrid en 1917, para a venda de Aguas de Mondariz.

Os Peinador, como fixeron os propietarios doutros establecementos en toda Europa, souberon compasar a posta en marcha do seu balneario coa chegada do ferrocarril. En efecto, entre 1881 e 1886 Vigo, a cidade de referencia desde o punto de vista da atracción de acuístas, conéctase con Ourense, Madrid e Portugal. O ferrocarril vai supoñer un salto cualitativo na empresa termal. Parece que xa en 1876 había unha casa-fonda, onde logo estará o campo de *lanw tennis*, pero non será ata 1880 cando se inaugure a primeira casa de baños, cunha planta baixa destinada aos baños e tomas de auga e unha superior para aloxamento; o balneario dispoñía de 5 salas con bañeiras e unha piscina para 12 persoas, as prazas hoteleiras eran 46. En 1883, a casa de baños xa dispoñía de 60 prazas. En 1884 ábrese, onde logo estará o Gran Hotel, un edificio anexo onde se sitúa o comedor, a cociña e as salas de recreo, lectura e xogos. En 1885 as prazas hostaleiras son xa 80, grazas á construción dun terceiro piso na casa de baños. O crecemento do balneario tira da economía do lugar e para 1887 xa se contabilizan, fóra das instalacións dos Peinador, 4 fondas que ofrecen 300 prazas. Só dous anos despois, en 1889, instálanse 9 bañeiras de mármore dunha soa peza, as prazas do balneario son xa 120 e 6 fondas do lugar proporcionan outras 400 máis;¹⁴ neste mesmo ano os Peinador erguen no medio do bosque da leira unha capela baixo a advocación da patroa do balneario, a Virxe do Carme. En paralelo a este proceso de crecemento do balneario o xardineiro francés Darier deseñou o espazo verde de recreo da parte posterior da leira e poboouna de carballos vedraños, acacias, eucaliptos, plátanos e variadas árbores froiteiras.

Mentres todo isto acontecía discorría unha delongada disputa que acabará en preito entre o Concello de Mondariz, representado por dous pesos pesados da restauración galega como son Isidoro Bugallal Araujo e Senén Canido Pardo, e os Peinador, representados por Ramón sobre a titularidade da fonte de Troncoso. O concello defende o carácter público do manancial mentres que os empresarios alegan que lles pertence en vir-

¹⁴ DEL CASTILLO (1998), p. 134.

tude do texto da Declaración de utilidade pública das augas que, como deixamos escrito, incluía as filtracións que nacían na ribeira do Tea, dado que sosteñen que a fonte de Troncoso, en realidade, non é senón unha emanación da súa fonte da Gándara, situada a menos dun quilómetro en liña recta. Para afortalar os seus dereitos, fundados inicialmente nunha hábil redacción da Declaración de utilidade debida aos bos oficios de Ramón, os Peinador, en decembro de 1886, mércanlle a José Paramés a leira de Saidoiro-Troncoso que nas súas faldras ve nacer o manancial en disputa, agora alegan que, en todo caso, o manancial debe pertencer ao ribeirogo colindante, é dicir, eles como donos da leira de Saidorio. Ao principio, o Ministerio da Gobernación estimou as razóns do Concello e dispuxo que os Peinador se limitasen á explotación da fonte da Gándara restituíndo ao dominio público a de Troncoso. Finalmente, os tribunais tramitan a causa en 1905 a prol dos intereses dos Peinador.¹⁵ Este preito estará na base do estímulo e apoio que lle darán á escisión de Mondariz-Balneario da súa matriz orixinal, como máis adiante se comentará.

O Balneario de Mondariz, da saúde ao lecer

Mondariz idéase, desde mediados dos anos oitenta, como un destino preferente para un público con importante poder adquisitivo, sen descoidar a necesaria cota de atención aos pobres de solemnidade que non precisaban aloxarse nas instalacións hostaleiras. En efecto, en 1884 xa se documenta unha especie de almacén, na parte alta do lugar de Troncoso, para aloxar estes acuístas; en 1890 comeza a construírse o asilo Nosa Señora do Carme, con capacidade para 150 persoas, que se inaugurará en 1900. Outros balnearios galegos tiñan, nos primeiros anos oitenta do século XIX, máis concorrencia pero, basicamente, de xentes dos arredores máis ben pobres. Agás Cuntis que inaugura o seu hotel en 1881 o resto dos centros termiais seguen, e seguirán durante bastante tempo, dependendo de fondas pensadas para paisanos, fundamentalmente. Os Peinador souberon ver moi ben o cambio que se estaba a dar en toda Europa en relación cos balnearios. No último terzo do século XIX pasaron de ser centros de saúde a centros

¹⁵ GUISSADO (1990), pp. 59-60.

de lecer, de representación e de relacións sociais (Leboreiro, 1991: 215). En 1889 comeza, na parte alta do bosque do balneario, a construción de dous chalés para que a xente distinguida puidese gozar dunha estada máis recollida e tranquila, o infante de Portugal D. Enrique de Bragança será un dos hóspedes habituais destes chalés.

O edificio símbolo deste balneario de calidade é, sen dúbida, o Gran Hotel, ao que o Nobel Echegaray tachará de «Palacio Mundial das Augas». Comeza a construírse en 1893 e abre as súas portas en 1898 de forma coetánea a outros grandes establecementos balnearios peninsulares como Zestoa (Gipuzkoa), en 1895; o Gran Hotel Vichy en Caldas de Malavella (Girona), en 1998; ou o Gran Hotel de Panticosa (Huesca), en 1900 (Sánchez Ferré, 1998: 27-28). Fóra de España quizais sexa necesario lembrar que o establecemento termal de primeira clase de Vichy se inaugura en 1903 e que por esas mesmas datas se estaba deseñando o gran Parc de Sources do mesmo afamado balneario.¹⁶ O Gran Hotel foi obra de Genaro de la Fuente Domínguez, director facultativo de obras municipais de Vigo. Os materiais empregados viñeron de Vitoria e Huelva na estrutura férrea do edificio e no mobiliario, pero tamén das industrias viguesas de Antonio Sanjurjo e de Sánchez Puga. Na súa decoración non se escatimaron esforzos: sedas traídas da Casa Liberty de Londres, as lúas da Casa Pereantón de Madrid. Unha monumental escaleira central —a escaleira de honra a que vedaran o paso aos criados do Hotel e aos dos hóspedes— daba acceso aos 250 cuartos, con 500 prazas, unha cifra moi respectábel se temos en conta que, por exemplo o coetáneo de Zestoa albergaba 240.¹⁷ O comedor tiña cabida para 800 comensais con laterais acristalados que permitían aproveitar toda a luz solar e a contemplación do fermoso val, as balaustradas e os teitos artesoados dábanlle o aire aristocrático que se requiría. Completaban as estancias, entre outros, o gran salón que acollía recepcións, bailes, cine e teatro, gabinetes de lectura, salóns de peiteado, salas de xogos *lícitos* nos que se levaban a palma o señorial tresillo e o burgués billar, as cociñas ás que se invitaba aos acuístas, desde as páxinas de *La Temporada*, para que comprobasen

¹⁶ UZU (1994), p. 417.

¹⁷ URRÍA (1998), p. 264.

in situ a elaboración dos coidados menús e a calidade das materias primas. Chama a atención a ausencia dun complemento tan asiduo de todos os balnearios europeos do momento como o casino pero as acendidas crenzas relixiosas dos Peinador impedían este tipo de establecemento xa que tiñan a gala dicir que Mondariz nunca sería un Mónaco nin un Montecarlo; nesta mesma liña o gabinete de lectura destinado ás mulleres —os homes tiñan outro— contaba cun pequeno altar para rezos. Pola noite 2500 lámpadas, alimentadas por dúas dínamos instaladas na Casa de Máquinas adxacente conferíanlle ao edificio unha solemnidade acorde co lugar.

En 1908 daba comezo a construción da segunda obra máis emblemática do balneario: o pavillón da fonte da Gándara deseñado por Antonio Palacios, onde o arquitecto porriñés vai empregar granito puído, dunha variedade próxima á da súa terra natal, nos fustes das columnas do pavillón; Enrique Peinador non dúbida en mercar no estranxeiro, para estes efectos, a primeira maquinaria para puído de granito que se instalou en Galicia.¹⁸ O conxunto arquitectónico queda terminado coa planta embotelladora de augas, as costas da fonte da Gándara; o edificio da Baranda onde estaban os servizos de correos, teléfonos e telégrafos, gabinetes médicos dotados de Rx, laboratorio de análises, tendas e cafetería, situado fronte á planta embotelladora e o pavillón; o Teatro-Cine que tiña capacidade para 400 persoas, inaugurado en 1916, na parte traseira do edificio da Baranda; o Hospital Reumatolóxico, por fronte do Gran Hotel, que a morte de Peinador Vela deixou inconcluso; en 1912 remataban as obras de ampliación da antiga Casa de Baños, derrubada para construír o pavillón, con 27 cuartos máis a un prezo máis económico que o Gran Hotel; en 1923 estaba rematada a grande escalinata de acceso desde o pavillón ao bosque por un lateral do Gran Hotel, e resólvese con gusto o tránsito entre eses espazos nucleares do balneario; o último edificio do complexo termal era a Casa de Máquinas onde, ademais do xerador eléctrico, se atopaba a imprenta na que non só se tiraban xornais e libros senón todos os materiais de administración do hotel, de promoción do establecemento e de etiquetado das botellas, tamén estaba instalada

¹⁸ SOLÁ (1910), p. 16.

aquí unha ebanistaría, unha serraría para facer as caixas de envasado das botellas e unha pequena forxa; o parque termal, as costas do Gran Hotel, con abundantes paseos cubertos por arboredos, salpicados por restos de chapiteis, fustes e esculturas traídos de igrexas románicas das proximidades (Casteláns, Padróns e Riofrío) e un invernadoiro para plantas exóticas. Un ximnasio e canchas para a práctica do *críquet* e *lanw tennis* eran a oferta deportiva. Así mesmo, un paseo arborado unía as fontes da Gándara e de Troncoso bordeando as ribeiras do Tea. Á altura de 1909, a importancia do balneario fixo que existisen na vila, á marxe dos negocios dos Peinador, once hoteis, seis fondas e dezaseis hospedarías cun total de 1350 prazas.¹⁹

Quizais por consello de Enrique Peinador Lines, hóspede dos mellores balnearios europeos, ou por iniciativa propia do fundador, o balneario completouse coa adquisición dunha leira rústica na veciña parroquia de Pías: a leira de Sanmil. Alí instalouse unha granxa «ecolóxica» onde se obtiñan os produtos lácteos tan recomendados para as dietas dos enfermos que visitaban Mondariz e que estes podían adquirir persoalmente, ovos, mel, froitas, viño, hortalizas; os piñeirais da leira eran ideais para a práctica dos picnic; o bosque era doado para exercitarse en diversas sortes cinexéticas; unha lagoa artificial á beira do Tea, o Ea, permitía paseos en barca; un museo etnográfico con apeiros de labranza, traxes, instrumentos musicais e restos arqueolóxicos de castros veciños, nomeadamente o de Troña, escavado por Parga Pondal e L. Pericot, dábanlle a pátina de distinción requirida; por último, contaba tamén cun campo de fútbol. Este modelo tan británico non debe de sorprendernos dado que, a pesar do prestixio dos balnearios alemáns ou franceses, foron os ingleses os creadores das pautas da balneoterapia decimonónica, sobre todo desde a cidade balnearia de Bath.²⁰

¹⁹ DEL CASTILLO (1998), p. 134.

²⁰ SAN PEDRO MARTÍNEZ (1993), p. 36.

A empresa Aguas de Mondariz

O negocio de venda de auga embotellada ten as súas orixes na empresa Aguas de Mondariz, nada en 1877. Algunhas fontes cifran, xa para entón, nun millón as botellas envasadas. O embotellado de augas minero-medicinais era unha práctica moi habitual na Europa de mediados do século XIX para completar as tomadas no manancial na estadia realizada ou mesmo, para as persoas con menos posibilidades, evitar ir ao balneario en cuestión. Para evitar as frecuentes fraudes aparece unha lexislación específica, desde 1842, coa intención declarada de homologarse co resto dos países europeos, nela distínguese entre as augas artificiais, elaboradas en laboratorio, e as naturais, procedentes de mananciais. En 1903 obrigábase a que cada botella levase unha etiqueta coas seguintes informacións: nome do concello ou localidade onde emerxe o manancial; composición das augas en epígrafe abreviado e segundo a taxonomía oficial vixente; nome co que cada manancial foi recoñecido de utilidade pública. En 1912 quedaba prohibida a distribución ou a expedición destas augas en garrafróns ou calquera outro envase que non fose botella chea e precintada ao pé da fonte mineral de orixe.²¹

En 1914 ábrese a nova planta de embotellado que, para o ano seguinte, era capaz de producir 10.000 botellas diarias con dous modelos básicos: a grande de 700 gramos e a pequena de 350. En 1927 varios veciños de Mondariz denuncian, diante do Ministerio da Gobernación, os fillos de Peinador por monopolizar a marca Aguas de Mondariz en detrimento do manancial da Fonte do Val, propiedade que nunca tiveron os Peinador, e solicitan que, en todo caso, se chamasen Aguas de Mondariz-Balneario máis acorde coa lexislación de 1903. A denuncia non tivo efecto.²² As augas embotelladas eran, en todos os casos, un elemento básico de promoción do balneario matriz dado que o seu consumo era unha incitación a visitalo dada a crenza de que as augas tomadas *in situ* eran moito máis benéficas. Os principais mercados das Aguas de Mondariz van ser Galicia, Madrid, Portugal, Brasil e Cuba, coincidindo bastante coa procedencia dos hóspedes do balneario. Aínda que sen datos precisos, as fontes

²¹ MUÑOZ CALVO (1998), pp. 148-149.

²² GUISSADO (1990), p. 56.

3916

244-79-2

MONDARIZ



MONDARIZ

falan dunha grande afluencia de portugueses, ata un dubidoso 25%, facilitada polas boas comunicacións ferroviarias e polo favor da aristocracia lusa a un lugar frecuentado polo seu infante; sen contar os portugueses o número de estranxeiros anda polo 7-8%, entre 1918 e 1922, nomeadamente

británicos, grazas a que, desde 1908, a Royal Mail Steam Packets e a Booth Line de Liverpool deixaban centos de pasaxeiros no Porto de Vigo con destino, entre outros lugares, ao balneario de Mondariz; en todo caso, entre 1877 e 1931, o 91% dos acuístas pertencían ás clases acomodadas, categoría que coa clase de tropa e a de pobres de solemnidade formaban as estatísticas oficiais, unha categoría, a de clases acomodadas, na que se incluían desde aristócratas e grandes financeiros ata pequenos burgueses; non obstante, a porcentaxe é superior á media española.



Motivos publicitarios de Aguas de Mondariz, José Arijá, ano 1899

Unha exitosa promoción publicitaria con trazos singulares

Unha das facetas máis destacadas do labor empresarial dos Peinador foi, sen dúbida, as técnicas de promoción publicitaria que empregaron para dar a coñecer o balneario de Mondariz e as súas augas. Algunhas desas técnicas son moi correntes pero outras teñen un elevado grao de orixinalidade.

Xa en 1877, nas primeiras botellas, aparece o logotipo da marca Mondariz: un anagrama circular coa lenda Aguas de Mondariz e no medio unha botella negra rodeada de motivos vexetais. O logotipo clásico do home vestido de etiqueta abrazado a unha botella de augas de Mondariz

aparecerá nos primeiros anos de século XX. Entre os métodos máis comúns de promoción publicitaria atopamos os artigos científicos do médico-director Isidro Pondal Abente que publica tres traballos nos números de 1879-1880, 1881 e 1883 dos Anales de la Sociedad Española de Hidrología Médica. A secuencia temporal, as distintas doenzas e a insistencia en salientar o nome e os tratamentos das augas de Mondariz nos tres títulos son un magnífico exemplo de mercadotecnia comercial para vender un produto entre uns axentes espléndidos, os galenos lectores dunha publicación especializada nun campo que gozaba dos favores da boa sociedade europea do momento en tempos do que algúns autores deron en chamar «nihilismo terapéutico», isto é, como non hai farmacopea dabondo que poida curar determinadas enfermidades, a crenoterapia pode ser unha alternativa dado que se non cura tampouco ten efectos secundarios daniños. Darse a coñecer nestes foros era fundamental para lograr que chegasen bañistas, logo da correspondente prescrición médica, que despois posibilitasen a difusión das excelencias das augas entre familiares, amigos e coñecidos mediante o efectivo recurso da publicidade *boca a boca*. Esta estratexia publicitaria era un recurso moi empregado polos médicos-directores dado que cantos máis acuístas tivese o balneario máis cumpridos serían os seus honorarios; quizais o caso de José Salgado e Guillermo, experto en descubrir novos e insólitos mineralizadores nos mananciais dos que se facía cargo, sexa un dos máis coñecidos.²³ Outra fórmula común eran os anuncios pagados nos xornais, nomeadamente no *Faro de Vigo*, en *A Nosa Terra* e na revista *Nós*. O mesmo cabe dicir do cartelismo, moitas veces empregando azulexos, que chegaron a encher as paredes do Metro de Madrid. O recurso ás guías tamén se utiliza por parte dos Peinador, a primeira documentada é a *Guía de las Aguas de Mondariz*, impresa en Pontevedra en 1881. En 1906 editan *Mondariz: descripción general*, en español, francés e logo en inglés, para repartir entre os galenos asistentes ao Congreso Internacional de Medicina, celebrado en Lisboa e, ademais, convocan alí mesmo un concurso de memorias relativo ao uso fisiolóxico e terapéutico das augas de Mondariz, dotado con 6000 francos en premios. En 1912 aparece unha luxosa *Mondariz-Vigo*

²³ RODRÍGUEZ-SÁNCHEZ (1998), p. 120.

Santiago. Guía del turista, na que colaboran grandes firmas, entre elas a Pardo Bazán, en edición bilingüe español e inglés. En fin, en 1917 o *Álbum de Eminencias Médicas Hispano-Latinas* que recolle opinións de diversos galenos, todas favorábeis ás propiedades das augas de Mondariz, e regalado a diferentes facultades e academias de medicina así como a corporacións médicas.²⁴

Como xa se apuntou, as botellas de auga eran outra forma de promoción. O propio Enrique escíbelle en 1894, desde o seu domicilio madrileño, ao director de *Tierra Gallega* da Habana, a sazón Manuel Curros Enríquez, nos seguintes termos:

[...] faga pol-os medios que teña a man, especialmente pol-as relacións con médicos e boticarios, todo canto poida pra espaxelas é difundilas entre toda clas de xentes, na intelixencia de que han de chegar á convenirse son as millores é mais eficaces de todas as conocidas é que non hay outras mais agradables quer se tomen puras, quer misturadas con viño. N'esa capital pódea atopar á venta.

Na mesma dirección vai a presenza e os premios obtidos nas diversas exposicións: Gran Diploma de Honor na Exposición Rexional de Pontevedra (1880); Medalla de Ouro na Exposición Universal de Barcelona (1888); Diploma de Honor na Exposición Internacional de Bruxelas (1897); Medalla de Ouro na Exposición Universal de París (1900); Medalla de Ouro na Exposición de Augas de Karlsbad (1908).

Outro recurso clásico de promoción eran as visitas de grandes personaxes. Mondariz contou cunha boa representación de figuras notábeis da aristocracia, mesmo da realeza (infanta de España e infante de Portugal), das finanzas (Rockefeller), da Igrexa (Cardeais e Nuncios), das letras (Pardo Bazán, Azorín), da política (Cánovas, Silvela, Castelar), pero quizais o seu momento de gloria se vivira coa presenza do ditador Primo de Rivera e cos dous consellos de ministros que acolleu.

Quixemos deixar para o final deste capítulo da promoción o que nos parece máis singular: a edición do xornal *La Temporada en Mondariz* na imprenta do balneario. O primeiro número data de 1889 e o último de 1931; publícase entre xuño e setembro de xeito semanal. Este xornal

²⁴ DEL CASTILLO (1998), p. 68.

regalábaselles aos hóspedes do balneario e servía tanto para solaz deles coma para, sobre todo, autopromoción do establecemento mediante a recensión de visitas ilustres, presentación das novidades nas instalacións e na programación, artigos de científicos ou escritores coñecidos que loaban Mondariz, etc. Entre 1915 e 1922 publícase en Madrid a revista *Mondariz. Suplemento de La Temporada*, con 20 páxinas, mensual ata 1917 e trimestral despois. Contaba, desde 1920, coa separata de catro páxinas *La Hoja Hidrológica* que elaboraba o catedrático da Universidade Central, Hipólito Rodríguez Pinilla. Só coñecemos un caso anterior de prensa estacional para bañistas que tivese unha mínima duración, o xornal *El Verano* de Santander, publicado en 1865, pero non era gratuito. En Galicia, en 1908, o indiano Casimiro Gómez comezará a publicación da revista *Lérez*, destinada aos bañistas do balneario homónimo.



O problema do transporte e a opción polo tranvía

No éxito do balneario de Mondariz, como xa quedou dito, xogou un papel determinante a conexión ferroviaria de Vigo con Madrid e con Portugal. Desde as estacións de Vigo, do Porriño, de Salvaterra e de Ribadavia carruaxes primeiro e autobuses despois transportaban os acuístas ata Mondariz. Isto deu lugar a empresas auxiliares do complexo termal ao lado das destinadas a darlles cuartos a aquelas persoas que non podían pagar os prezos do Gran Hotel. Trátase das pequenas empresas de transporte, tanto de envases de auga cara ao porto de Vigo e á estación do Porriño coma de pasaxeiros. A máis importante foi a de Transportes Raúl S.A. que aínda chega aos nosos días fundada por Raúl García Durán, natural das Neves que chegou a Mondariz, en 1889, para

Edificio do antigo Gran Hotel de Mondariz

traballar como administrativo da empresa *Aguas de Mondariz*.²⁵ Os problemas derivados do acceso ao balneario levaron a Enrique Peinador a iniciar unha nova aventura empresarial: o Tranvía Mondariz a Vigo. Xa á altura de 1887 se fala na prensa viguesa dun proxecto de ferrocarril de vía estreita entre O Porriño e Mondariz e en 1895 o Congreso de Deputados outorgoulle a D. Antonio Álvarez Redondo a concesión dese trazado. En 1903 fálase de que enxeñeiros ingleses e franceses, enviados pola Westinghouse americana, andaban a estudar a construción do ferrocarril eléctrico entre O Porriño e Mondariz. En 1904 constitúese en Madrid a sociedade Eléctrica del Miño cun consello de administración integrado por Enrique Peinador Vela, Eugenio Montero Villegas, Luis Vasconi e José Lameller para construír e explotar o tranvía Vigo-Mondariz, aproveitando o salto de Barral para o abastecemento enerxético preciso.²⁶ Finalmente, en outubro de 1913, constitúese en Pontearreas a sociedade Tranvía de Mondariz a Vigo cun capital social de 1.500.000 pesetas ampliábel a 3.000.000. Entre os socios fundadores atopamos a persoeiros moi coñecidos da bisbarra do Tea sen presenza de accionistas destacados de fóra, vai ser, xa que logo, unha iniciativa local logo de fracasar proxectos máis ambiciosos. Así asinan os estatutos fundacionais Enrique Peinador Vela, o seu fillo Ramón Peinador Lines — futuro secretario do consello de administración — e o médico-director do balneario, Isidro Pondal; os Bugallal, representados polos tres irmáns, Gabino, Isidoro e Dario; os irmáns Candeira, Rafael e Manuel, fortes terratenentes e foristas, donos da principal Casa de Xiros e da principal ferraxaría de Pontearreas, homes de confianza dos Bugallal, como tamén Manuel Domínguez, presidente do consello de administración da sociedade, José Carrera, deputado provincial, Joaquín Sarmiento ou Manuel Outeirelo; Maximino Rodríguez Fornos, médico e alcalde de Mondariz, entre outros. A Deputación de Pontevedra concederalle unha subvención á obra e a Sociedade cotizará na Bolsa de Madrid en 1919. O 14 de marzo de 1920 quedou inaugurado o tramo Vigo-O Porriño, que contaba cunha parada en Puxeiros ao lado do actual aeroporto de Peinador,

²⁵ GUISSADO (1990), p. 223.

²⁶ ÁLVAREZ-BLÁZQUEZ (1994).

nome que recibiu como homenaxe ao empresario. As vías nunca saíron do Porriño e a Sociedade acabaría absorbida por Tranvías Eléctricos de Vigo en 1960.

O persoal de administración e os traballadores do complexo termal

As empresas dos Peinador fixeron do lugar de Troncoso unha parroquia, en 1921, e un municipio en 1924; crearon centos de postos de traballo directos e indirectos a través de negocios auxiliares relacionados coa hospedaría e co transporte, fundamentalmente. En 1914 traballaban para os Peinador 352 persoas. A plana maior do equipo directivo do complexo termal estaba formada por un xerente, Enrique Peinador Vela e desde 1906 o seu fillo Enrique Peinador Lines; un médico-director, Isidro Pondal Abente desde 1876 ata 1918; un médico-subdirector, Casimiro Torre Sánchez-Somoza, catedrático de medicina en Santiago; e un capelán, Isidro Fariñas durante máis de corenta anos; o segundo nivel contaba cun xefe de persoal, Francisco Álvarez, que comezou a traballar de obreiro na fonte da Gándara en 1873 e exerceu a súa responsabilidade durante corenta e cinco anos; este foi presidente fundador da Sociedade de Amigos de Troncoso-Mondariz, en 1904, verdadeiro ariete da secesión do Concello de Mondariz; un secretario; un contador; un caixeiro e un encargado do negocio de embotellado. Os comezos familiares na dirección do negocio teñen unha prolongación no persoal da alta dirección. O caso máis claro é o do médico-director, Isidro Pondal, primo do bardo nacional, número dous nas oposicións de 1874 quen se decanta por este balneario tan descoñecido segundo confesión epistolar pola calidade das súas augas, pero quizais tamén por coñecer a Peinador, compañeiro de promoción universitaria e, posibelmente, de sentimentos rexionalistas; o neto do médico-director, Isidro Parga Pondal casará cunha filla de Enrique Peinador Lines e exercerá a medicina libre no balneario, participando en moitas das obras culturais que se emprenden desde o establecemento. O persoal traballador estaba repartido case que a partes iguais entre fixos e traballadores estacionais.²⁷

²⁷ DEL CASTILLO (1998), p. 86.

O financiamento do complexo termal

Como se financiaron todas estas empresas? Todo parece indicar que a vía principal foi o reinvestimento de beneficios xerados pola expedición de augas e pola hospedaxe de acuístas, polo menos iso reza no obituario que lle dedica a Peinador Vela o *Faro de Vigo*. Non obstante, cómpre non esquecer a máis que probábel práctica de *trucksystem* para o que se cuñaron moedas que só podían ser gastadas no establecemento, dotado de quioscos no bosque no que se lles vendían alimentos e outros avíos aos clientes; a sospeita desta práctica radica nos valores das moedas de 1 peseta, 50 e 25 céntimos que non teñen sentido se fosen destinadas a satisfacer as necesidades dos hóspedes, xeralmente acomodados, e que, non entanto, se acomodan aos salarios percibidos polos traballadores; estas moedas eran coñecidas popularmente como *chapas* ou *peiteadores*.²⁸ Desde 1933 o Banco Pastor pasa a ser unha das fontes principais de financiamento dos Peinador.

O labor cultural dos Peinador

Quixemos deixar para o final desta biografía o destacado papel de mecenas cultural dos Peinador. Quizais a faceta máis coñecida sexa o apoio a iniciativas culturais de carácter rexionalista primeiro e galeguistas sempre. Enrique Peinador Vela exerceu o mecenas co fillo de Murguía, o pintor Ovidio que paraba no balneario e tiña varios encargos para o establecemento cando finou. Enrique Peinador Lines foi un dos máis importantes mecenas do Seminario de Estudos Galegos e cedeu os locais do Gran Hotel para a recepción solemne como membros da Real Academia Galega de Antonio Rey Soto e Ramón Cabanillas; este último foi acollido no Gran Hotel e a imprenta do mesmo publicoulle varias obras, entre elas *Na noite estrelecida* e *A rosa das cen follas*; tamén Castela traballou en varios encargos de logotipos das botellas, portadas de libros e os murais de cegos que hoxe están na sede da Real Academia na Coruña. Outra mostra de mecenas galeguista foron os Premios Mondariz pensados para fomentar estudos sobre Galicia e que contaron como primeiro

²⁸ *Íbidem* (1998), p. 45.

gañador a Luis Peña Novo e a súa obra *La Mancomunidad económica gallega*. Na mesma liña cómpre subliñar a impresión das novelas curtas da Editorial LAR que se facían na imprenta do establecemento.

Quizais non tan coñecido foi o mecenado musical de Enrique Peinador Vela que o levou a crear unha Escola de Música, anexa ao Teatro-Cine gratuíta para os mozos da bisbarra. Antes diso o balneario xa contaba cun cuarteto clásico propio, o Cuarteto Caberat; unha banda de música, Chan da Gándara, que amenizaba os paseos desde o palco construído entre o Gran Hotel e o sanatorio; o Coro Agarimos da Terra; a rolda Aceide e o Grupo de Gaiteiros Carregal. A banda estaba formada, na súa totalidade, por empregados do complexo.

Bibliografía

- ÁLVARIZ-BLÁZQUEZ FERNÁNDEZ, M. (1994): *Historia de los tranvías en Vigo*, <http://www.arrakis.es/~rojea/tranvia.htm>
- CASTILLO CAMPOS, M. J. del (1998): *Mondariz, un agua con historia. La pasión de una burbuja*, catálogo 125 aniversario 1873-1998, Mondariz, Fundación Mondariz-Balneario.
- CHAMBRIAND, P. (1994): «Les rythmes de la saison vichyssoise (1853-1960)», en *Villes d'eaux. Histoire du thermalisme*, Paris, Éditions du CTHS, pp. 227-248.
- EIJÁN, S. (1920): *Historia de Ribadavia y sus alrededores*, Madrid, establecimiento tipográfico de San Bernardo.
- GALDO, F. (1995): *Introducción a la historia de las aguas minerales de Galicia*, Sada, Edicións do Castro.
- GUIASO Nogueira, J. (1990): *Mondariz. Historia y guía*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.
- LEBOREIRO AMARO, M. A. (1991): «Balneario-Ciudad de las Aguas. Su presencia en España», *Ciudad y Territorio*, 89, pp. 213-231.
- MONTERRAT ZAPATER, O. (1995): «La clientela balnearia de Panticosa (1826-1936)», *Sociología del Trabajo*, 23, pp. 129-154.
- MUÑOZ CALVO, S. (1998): «Los balnearios de Castilla-La Mancha: contribución a su estudio. Los modelos de Solán de Cabras y Fuencaliente», en J. M.^º URKÍA ETXABE / J. A. RODRÍGUEZ-SÁNCHEZ: *Los Balnearios Españoles. I Reunión de Estudios Históricos sobre Balnearios, Agua y Terapéutica*, Zestoa, Balneario de Cestona-Asociación Nacional de Estaciones Termales (ANET), pp. 131-158.
- RODRÍGUEZ-SÁNCHEZ, J. A. (1998): «La complejidad del fenómeno balneario: los balnearios malagueños en el contexto andaluz», en J. M.^º URKÍA ETXABE / J. A. RODRÍGUEZ-SÁNCHEZ: *Los Balnearios Españoles. I Reunión de Estudios Históricos sobre Balnearios, Agua y Terapéutica*, Zestoa, Balneario de Cestona-Asociación Nacional de Estaciones Termales (ANET), pp. 87-129.
- SAN PEDRO MARTÍNEZ, M.^º A. (1993): *El Balneario de Puente Viesgo 1796-1936*, Santander, Universidad de Cantabria-Fundación Marcelino Botín.
- SÁNCHEZ FERRÉ, J. (1998): «Arquitectura balnearia: ¿un patrimonio amenazado?», en J. M.^º URKÍA ETXABE / J. A. RODRÍGUEZ-SÁNCHEZ: *Los Balnearios Españoles. I Reunión de Estudios Históricos sobre Balnearios, Agua y Terapéutica*, Zestoa, Balneario de Cestona-Asociación Nacional de Estaciones Termales (ANET), pp. 21-32.
- SCHALL, C. (1994): «Royat et le thermalisme (1850-1939)», *Villes d'eaux. Histoire du thermalisme*, Paris, Éditions du CTHS, pp. 165-175.
- SOLÁ, J. (1910): «Las obras de Mondariz», *Vida Gallega*, 31 de xullo de 1910, núm. 24, p. 16.
- URKÍA ETXABE, J. M.^º (1998): «Historia del Balneario de Cestona», en J. M.^º URKÍA ETXABE / J. A. RODRÍGUEZ-SÁNCHEZ: *Los Balnearios Españoles. I Reunión de Estudios Históricos sobre Balnearios, Agua y Terapéutica*, Zestoa, Balneario de Cestona-Asociación Nacional de Estaciones Termales (ANET), pp. 249-286.
- UZU, F. (1994): «Un exemple d'architecture thermale en France: Vichy», *Villes d'eaux. Histoire du thermalisme*, Paris, Éditions du CTHS, pp. 415-430.